

NORMAS DE COMEDOR 2023-2024

HORARIO

O comedor comenzará o día 11 de setembro e o seu horario será de 14:00 a 16:00 horas.

Os/as nenos/as terán que ser recollidos ata as 15:50 horas, xa que ás 16:00 horas as monitoras/coidadoras rematan o seu horario de traballo.

Os/as usuarios/as do comedor que vaian sos para casa teñen que traer a autorización asinada polos/as seus pais/nais ou titores legais.

O número de teléfono do comedor para avisar de calquera problema ou posible retraso é o 722.20.67.01.

Todos/as os/as usuarios/as que asistan ó comedor teñen a obriga de comunicar á ANPA, antes das 9:30h, a non asistencia ó comedor ese día.

De non facelo, os/as nenos/as bolseiros/as poden perder a axuda do Concello, xa que este último esixe ás ANPAS un parte de faltas.

PREZO

O prezo do menú para os comensais fixos e fixos discontinuos é de:

- 5 días semanais 80€/mes
- 4 días semanais 67€/mes
- 3 días semanais 53€/mes
- 2 días semanais 36€/mes
- 1 día semanal 18€/mes
- Semanas alternas 20€/semana

Bolseiros:

O/A responsable: pai, nai, titor do/a alumno/a bolseiro/a deberá asinar o listado de becas. No caso de non asinala, as listas serán devoltas ao Concello sen a súa sinatura, e poderá serlle retirada a axuda.

O pago do recibo de comedor farase por adiantado nos 10 primeiros días do mes. No caso de non facelo o/a neno/a non poderá seguir asistindo ao comedor.

NORMAS DE COMPORTAMENTO E DISCIPLINA

Durante o horario do comedor os comensais cumprirán coas normas de hixiene e comportamento que establezan as coidadoras de acordo coa ANPA e aprobadas no Consello Escolar.

As coidadoras cubrirán diariamente un parte de incidencias de comedor e entregaranno ao responsable do comedor da ANPA. En caso de faltas graves pódese perder o dereito de asistencia ao comedor previo aviso ás familias e ao Concello, en caso de ser becados.

DIETAS ESPECIAIS

Para pedir un cambio no menú por motivos de saúde hai que chamar á ANPA antes das 9:30h. En caso de alerxias con réxime especial deberán aportar un informe médico e unha autorización conforme pode asistir ao comedor escolar.